



ADDENDA DE PRÓRROGA E MODIFICACIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL PARA REALIZAR INTERVENCIÓNS DE CONSERVACIÓN NA CONCATEDRAL DE SAN XIAO DE FERROL, (A CORUÑA) E NA CATEDRAL DE MONDOÑEDO, (LUGO)

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, Don José López Campos, que actúa en representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Doutra, Don Fernando García Cadiñanos, que actúa en representación da Diocese de Mondoñedo-Ferrol, en virtude do seu cargo de bispo, titular e responsable da diocese.

Todas as partes teñen capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio de colaboración e, para tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro: con data 23 de setembro de 2024, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en diante CCLX) e a a Diocese de Mondoñedo-Ferrol, asinaron un convenio para realizar intervencións de conservación na concatedral de San Xiao de Ferrol, (A Coruña) e na Catedral de Mondoñedo, (Lugo).

Segundo: O 03.10.2025 (núm. de entrada 2025/2724287) Juan José Novo Gabeiras (delegado episcopal de patrimonio artístico do Bispado de Mondoñedo Ferrol) achegou a solicitude de tramitación dunha addenda para cumprir co obxecto e finalidade do convenio.

Esta solicitude está baseada no ritmo de execución dos traballos, incidencias e previsión de certificación das obras de *Restauración da torre sur da concatedral de san Xiao de Ferrol* e da *Reparación das vigas da cuberta da catedral de Mondoñedo* que están na actualidade en execución. As xustificacións e previsións están recollidas nos informes técnicos redactados polas direccións facultativas.

A addenda que se propón ten como obxecto modificar as cláusulas segunda "Achea económica", sétima "Período de vixencia" e novena "Outras obrigas do beneficiario" do convenio de colaboración asinado o 23.09.2024 pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol.

1. Restauración da torre sur da concatedral de san Xiao de Ferrol.

As obras iniciáronse en agosto de 2025. Tendo en conta a reprogramación dos traballos e considerando tamén que as condicións climatolóxicas adversas propias do outono e inverno dificultan e/ou imposibilitan en ocasións a execución dos traballos no alto da torre, está previsto que no ano 2025 se poidan executar os seguintes traballos, de xeito resumido:

- restauración e colocación do cataventos (incluso os traballos previos de desmontaxe e preparación de elementos pétreos) e instalación do pararraios
- consolidación e restauración de doelas na torre do campanario

- reparación e pintado de fachadas da torre sur e fachada principal
- remates e impermeabilizacións en encontros de fachadas con cubertas
- restauración e colocación de elementos de forxa en balcóns e ventás, así coma pintado das ventás da torre
- demolición da estrutura e pavimentos no interior do local situado na zona de nártex

No primeiro trimestre do ano 2026 está previsto executar as seguintes tarefas:

- levantamento e colocación de pavimento de cantería no nártex, zona de entrada da igrexa
- restauración e execución da escaleira de madeira en ascenso á torre sur
- carpinterías de madeira de acceso ao campanario
- finalización da instalación eléctrica no interior da torre sur.

2. Reparación das vigas da cuberta da catedral de Mondoñedo.

O proxecto básico e de execución (PBE) que serviu de base para as actuacións recollidas no convenio, aplicando o criterio de recuperación das estruturas históricas de madeira de carballo, definía a proposta de solucións á patoloxía detectada na estrutura de madeira da cuberta. Nel deseñáronse os enxertos de madeira de carballo unidos con resina epoxi empregada como cola e asegurando a unión con elementos metálicos tipo tirafondos de rosca completa, varillas para madeira ou clavixas de madeira encolada.

Recollía tamén a recuperación dos embarbillados de unións par-tirante e as ferraxes de fixación; recolocación dos tornapuntas desprazados; substitución das pezas irrecuperables por pezas novas de madeira de castiñeiro e corrección do nó pendolón-tirante co obxecto de evitar o seu contacto e recolocar as abrazadeiras de unión.

As obras iniciáronse en outubro de 2024 con traballos no taller de carpintería. Ata o momento na propia catedral, fixéronse as reparacións da nave central, transepto e ábsida (en adiante fase 1). A execución da obra levouse a cabo principalmente na primavera-verán para poder dispoñer de tramos de cuberta abertos que facilitaron a disposición do material sen un risco elevado de entrada de auga ao baixocuberta sobre as bóvedas que puidese alcanzar o interior da catedral.

O ritmo de execución na realidade é bastante máis lento do previsto, provocando tanto un aumento de prazo para a execución da totalidade das obras coma un incremento considerable dos custos de execución, condicionado sobre todo por:

- necesidade de montaxe de máis medios auxiliares, coma unha escaleira de zanca e estadas de acceso á cuberta; así coma a montaxe dun guindastre automontante para manexar as cargas
- ralentización xeral dos traballos debido aos espazos reducidos para o movemento sobre as bóvedas, intentando sempre dispoñer e traballar con pezas de madeira adaptadas ao caso concreto que se ía atopando en cada nó, encontro ou apoio das cerchas, o que se traduce nuns rendementos de materiais e man de obra bastante inferiores aos estimados no proxecto
- aumento do número de elementos estruturais substituídos (tirantes e pares) segundo as indicacións específicas da DF para cada cercha que se ía reparando - respecto estrito dos procedementos e tempos de espera para aplicación das colas, segundo as

prescricións técnicas do fabricante, condicionados sobre todo pola temperatura e humidade.

Todo o indicado anteriormente obriga á redacción dun proxecto modificado que recolla a realidade da obra executada e prevista ata a finalización da actuación, tanto a nivel técnico coma documental.

Este proxecto modificado inclúe a planificación para as actuacións na estrutura da cuberta dos salóns góticos (en adiante fase 2) que se prevé executar no verán do 2026 e tamén o incremento económico derivado.

As causas que o motivan son as seguintes:

- minimizar a posibilidade de entrada de auga de chuvia no interior dos salóns góticos e evitar os meses de máis frío que imposibilitan ou dificultan a aplicación das colas
- aumento dos medios auxiliares necesarios para garantir un acceso e circulación seguros pola obra (escaleira e estadas); movementos de cargas pesadas de xeito correcto en alcance e altura (montaxe dun guindastre torre na zona do claustro)
- aumento de custo dos enxertos, adaptado aos prezos reais dos materiais, man de obra, apeos... tendo en conta os baixos rendementos polas condicións especiais de traballo nuns espazos pechados, sobre as superficies totalmente irregulares das bóvedas e debaixo duns elementos estruturais que dificultan os movementos de persoas, materiais e pequena maquinaria
- aumento de elementos reparados
- incorporación dun sistema de medición e monitorización das condicións ambientais de humidade e temperatura KNX (tanto no exterior coma no baixo cuberta)
- sistema de ventilación en cuberta, principalmente na zona do cruceiro e ábsida para regular a humidade e temperatura no interior da nave, co fin de mellorar as condicións de conservación das pinturas murais das bóvedas restauradas recentemente.

Os importes resultantes para esta obra son os seguintes:

	PREVISTO CONVENIO	MODIFICADO	INCREMENTO
Obra	174.846,84 €	395.884,25 €	221.037,41 €
Honorarios redacción		6.582,40 €	6.582,40 €
Honorarios DO	17.539,26 €	34.715,43 €	17.176,17 €
Honorarios DEM+CSS	7.200,40 €	14.400,79 €	7.200,39 €
TOTAL	199.586,50 €	451.582,87 €	251.996,37 €

Terceiro: Segundo os importes xustificados pola Diocese de Mondoñedo-Ferrol no ano 2024 e as previsións indicadas na xustificación desta addenda, o resumo económico é o seguinte:

		2024			2025		2026	TOTAL
	CONVENIO	PREVISTO	XUSTIFICADO (a)	PAGADO (b)	DIFERENZA (a-b)	PREVISIÓN EXECUCIÓN	PREVISIÓN EXECUCIÓN	
TOTAL	566.191,98 €	159.412,05 €	141.872,79 €	126.263,28 €	15.609,51 €	329.565,12 €	346.750,44 €	818.188,35 €
SAN XIAO	318.566,68 €	11.580,00 €	11.580,00 €			201.015,28 €	105.971,40 €	318.566,68 €
CATEDRAL CUBERTA	199.586,50 €	99.793,25 €	82.253,99 €		15.609,51 €	128.549,84 €	240.779,04 €	451.582,87 €

CATEDRAL ILUMINAC.	48.038,80 €	48.038,80 €	48.038,80 €					48.038,80 €
-----------------------	-------------	-------------	-------------	--	--	--	--	-------------

Cuarto: Que a necesidade desta addenda é consecuencia de causas xustificadas e imprevisibles, non imputables á Diocese de Mondoñedo – Ferrol.

Por iso, a addenda que se propón ten como obxecto a modificación das cláusulas segunda ("Achea económica") pola necesidade de incrementar o orzamento, sétima ("Período de vixencia") xa que non é posible rematar as obras nos prazos previstos e novena ("Outras obrigas do beneficiario"), para reflectir as novas actuacións necesarias.

Por todo o anterior, e de conformidade co exposto, as partes **ACORDAN** celebrar a presente addenda que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

O obxecto da presente addenda é modificar as cláusulas segunda ("Achea económica") pola necesidade de incrementar o orzamento, sétima ("Período de vixencia") xa que non é posible rematar as obras nos prazos previstos e novena ("Outras obrigas do beneficiario"), para reflectir as novas actuacións necesarias, do Convenio subscrito en data 23 de setembro de 2024 entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol.

Segunda. Modificación do convenio.

En primeiro lugar, para posibilitar un reaxuste económico que contemple o incremento do orzamento do contemplado no convenio e unha nova anualidade, modifícase a cláusula segunda do convenio (achea económica).

Así, no punto 2 da cláusula Segunda do Convenio, **onde dí:**

"2. Reparación das vigas da cuberta da Catedral de Mondoñedo (Lugo).

Aplicando o criterio de recuperación das estruturas históricas de madeira de carballo, a proposta deseña solucións con enxertos de madeira de carballo unidos con resina epoxi empregada como cola, e asegurando a unión con elementos metálicos tipo tirafondos de rosca completa, varillas para madeira ou clavixas de madeira encolada.

Recupéranse tamén os embarbillados de unións par-tirante e as ferraxes de fixación; recolócanse os tornapuntas desprazados; substitúense as pezas irrecuperables por pezas novas de madeira de castiñeiro e corríxese o nó pendolón-tirante co obxecto de evitar o seu contacto e recolocar as abrazadeiras de unión. Recóllense os seguintes tipos de reparacións:

- *No extremo de tirante realizarase con táboas de madeira de carballo D30, verticais, solapadas a media madeira coa madeira do tirante, unións perpendiculares RTR de Rothoblas ou similar e lonxitudinais de aceiro recheas con resina epoxi estrutural.*
- *No centro de tirante realizarase con táboas de madeira de carballo D30, unidas en vertical, unións perpendiculares RTR de Rothoblas ou similar e lonxitudinais de aceiro recheas con resina epoxi estrutural.*



- No extremo de par realizarase con peza de madeira de carballo unida ao par existente mediante plano oblicuo vertical e cosidas nos extremos con clavixas de madeira de acacia embebidas en resina atravesando ambas pezas (no final do plano de encolado).
- No centro de par realizarase con táboas de carballo D30, verticais, solapadas a media madeira coa madeira do par, unións perpendiculares RTR de Rothoblas ou similar e lonxitudinais de aceiro recheas con resina epoxi estrutural.
- No centro de pontón realizarase con plano de unión por corte oblicuo vertical e clavixas de tracción perpendicular de madeira de acacia.
- No pendolón realizarase con taco de madeira de carballo D30 unido a media madeira e clavixas perpendiculares de madeira de acacia.

Resumo do orzamento das obras

A estimación do orzamento total da obra é de **174.846,84 € (IVE incluído)**, coa seguinte desagregación:

Total execución material.....	121.429,85 €
Gastos xerais 13%.....	15.785,88 €
Beneficio industrial 6%.....	7.285,79 €
Presuposto sen IVE.....	144.501,52 €
IVE 21%.....	30.345,32 €
Orzamento total da obra.....	174.846,84 €

O importe total estimado da actuación resúmese en:

Importe obra.....	174.846,84 €
Importe honorarios DO.....	17.539,26 €
Importe honorarios DEM+CSS.....	7.200,40 €
TOTAL.....	199.586,50 €"

debe dicir:

"2. Reparación das vigas da cuberta da Catedral de Mondoñedo (Lugo).

Aplicando o criterio de recuperación das estruturas históricas de madeira de carballo, a proposta diseña solucións con enxertos de madeira de carballo unidos con resina epoxi empregada como cola, e asegurando a unión con elementos metálicos tipo tirafondos de rosca completa, varillas para madeira ou clavixas de madeira encolada.

Recupéranse tamén os embarbillados de unións par-tirante e as ferraxes de fixación; recolócanse os tornapuntas desprazados; substitúense as pezas irrecuperables por pezas novas de madeira de castiñeiro e corríxese o nó pendolón-tirante co obxecto de evitar o seu contacto e recolocar as abrazadeiras de unión. Recóllense os seguintes tipos de reparacións:

- No extremo de tirante realizarase con táboas de madeira de carballo D30, verticais, solapadas a media madeira coa madeira do tirante, unións perpendiculares RTR de Rothoblas ou similar e lonxitudinais de aceiro recheas con resina epoxi estrutural.
- No centro de tirante realizarase con táboas de madeira de carballo D30, unidas en vertical, unións perpendiculares RTR de Rothoblas ou similar e lonxitudinais de aceiro recheas con resina epoxi estrutural.

- No extremo de par realizarase con peza de madeira de carballo unida ao par existente mediante plano oblicuo vertical e cosidas nos extremos con clavixas de madeira de acacia embebidas en resina atravesando ambas pezas (no final do plano de encolado).
- No centro de par realizarase con táboas de carballo D30, verticais, solapadas a media madeira coa madeira do par, unións perpendiculares RTR de Rothoblas ou similar e lonxitudinais de aceiro recneas con resina epoxi estrutural.
- No centro de pontón realizarase con plano de unión por corte oblicuo vertical e clavixas de tracción perpendicular de madeira de acacia.
- No pendolón realizarase con taco de madeira de carballo D30 unido a media madeira e clavixas perpendiculares de madeira de acacia.
- Incorporación dun sistema de medición e monitorización das condicións ambientais de humidade e temperatura KNX (tanto no exterior coma no baixo cuberta).
- Sistema de ventilación en cuberta, principalmente na zona do cruceiro e ábsida para regular a humidade e temperatura no interior da nave, co fin de mellorar as condicións de conservación das pinturas murais das bóvedas restauradas recentemente.

Resumo do orzamento das obras

A estimación do orzamento total da obra é de **395.884,25 € (IVE incluído)**, coa seguinte desagregación:

Total execución material.....	274.938,71 €
Gastos xerais 13%.....	35.742,03 €
Beneficio industrial 6%.....	16.496,32 €
Presuposto sen IVE.....	327.177,06 €
IVE 21%.....	68.707,19 €
Orzamento total da obra.....	395.884,25 €

O importe total estimado da actuación resúmese en:

Importe obra.....	395.884,25 €
Importe honorarios redacción proxecto modificado.....	6.582,40 €
Importe honorarios DO.....	34.715,43 €
Importe honorarios DEM+CSS.....	14.400,79 €
TOTAL.....	451.582,87 €"

Na mesma cláusula Segunda do Convenio, **onde dí:**

Achegas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, por anualidades:

ANUALIDADES	2024		2025		TOTAL	
	IMPORTE	%	IMPORTE	%	IMPORTE	%
CONCATEDRAL DE SAN XIAO DE FERROL						
Honorarios redac PBE + obra + honorarios DF	11.580,00 €	3,64 %	306.986,68 €	96,36 %	318.566,68 €	100,00 %
CATEDRAL DE MONDOÑEDO_CUBERTA						
Obra + honorarios DF	99.793,25 €	50,00 %	99.793,25 €	50,00 %	199.586,50 €	100,00 %



CATEDRAL DE MONDOÑEDO_ILUMINACIÓN						
Obra	48.038,80 €	100,00 %			48.038,80 €	
TOTAL	159.412,05 €	28,16 %	406.779,93 €	71,84 %	566.191,98 €	100,00 %

As achegas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude non poderán superar, en ningún caso, o importe a subvencionar de **566.191,98 €**:

- Obras: investimento realmente realizado e debidamente xustificado ata un máximo de 510.865,64€.
- Honorarios da dirección facultativa: 55.326,34 €.

Prevese que poidan realizarse pagos parciais contra gastos debidamente xustificadas das certificacións da obra. En todo caso deberá xustificarse o gasto que corresponde a cada anualidade antes do 1 de decembro.

A totalidade do importe achegado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural será con cargo á aplicación **43.04.433A.781.1 (Código de Proxecto 2015 00349)**.

debe dicir:

Achegas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, por anualidades:

ANUALIDADES	2024	2025	2026	TOTAL
CONCATEDRAL DE SAN XIAO DE FERROL	11.580,00 €	201.015,28 €	105.971,40 €	318.566,68 €
CATEDRAL DE MONDOÑEDO_CUBERTA	66.644,48 €	144.159,35 €	240.779,04 €	451.582,87 €
CATEDRAL DE MONDOÑEDO_ILUMINAC.	48.038,80 €			48.038,80 €
TOTAL	126.263,28 €	345.174,63 €	346.750,44 €	818.188,35 €

As achegas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude non poderán superar, en ningún caso, o importe a subvencionar de 818.188,35€:

- Obras: investimento realmente realizado e debidamente xustificado ata un máximo de 731.903,05 €
- Honorarios da dirección facultativa: 86.285,30 €

A totalidade do importe achegado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural será con cargo á aplicación **13.04.433A.781.1 (código de proxecto 2015 00349)**.

Na cláusula sétima, **Período de vixencia, onde dí:**

"O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2025."

Debe dicir:

"O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2026."

Na cláusula novena, **Outras obrigas do beneficiario, onde dí:**

"b) Realizar a correspondente execución para reparación da Igrexa de Santalla de Rebordaos, Lugar Candaira, O Saviñao, Lugo."

Debe dicir:

"b) Realizar as seguintes intervencións:

- Restauración da torre sur da concatedral de san Xiao de Ferrol.*
- Reparación das vigas da cuberta da catedral de Mondoñedo.*
- Renovación da iluminación e electricidade da catedral de Mondoñedo: naves, xirola, sancristía e capelas."*

Terceira: mantense a vixencia do resto das cláusulas do convenio. Esta addenda intégrase no mesmo como parte inseparable co seu mesmo réxime xurídico e surtirá efecto tras a súa sinatura por ámbalas dúas partes.

E en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda, constando como data de subscrición a correspondente a da última sinatura realizada.

O conselleiro de Cultura, Lingua e
Xuventude

O Bispo da Diocese de Mondoñedo-Ferrol

D. José López Campos

D. Fernando García Cadiñanos